

**PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS DE ARRENDAMENTO DA EXPLOTACIÓN DO “CHIRINGUITO”
DO CERCUD – PRAIA FLUVIAL DE BAAMONDE - PARA O PERÍODO ESTIVAL 2021**

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO

É obxecto deste contrato de arrendamento da caseta metálica sita nas dependencias da praia fluvial de Baamonde co fin de que poida utilizar a mesma como chiringuito segundo o prego de condicións técnicas (adxunto).

SEGUNDA.- O ARRENDATARIO

A asociación, sen ánimo de lucro, Centro Recreativo Cultural e Deportivo de Baamonde -en adiante CERCUD-, con CIF: G-27123611.

TERCEIRA.- CANDIDATOS AO ARRENDAMENTO

Están facultados para tomar parte neste concurso as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións.

CUARTA.- PAGO POLO ARREDAMENTO

O prezo a pagar polo arrendamento establécese nun mínimo de 600,00 €

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

O CERCUD publicará un anuncio na súa páxina web, así como no taboleiro de anuncios do Concello e dará publicidade para a súa correcta difusión entre os establecementos hostaleiros e outras empresas da contorna.

O prazo de presentación de proposicións será ata o 31 de maio de 2021.

SEXTA.- PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

As empresas presentarán a súa proposición segundo os modelos que se anexan.

Deberanse enviar todos os documentos o enderezo electrónico contacto@cercud.es ou ben por enderezo postal a “CERCUD BAAMONDE” Camiño do río s/n 27371.- Baamonde (Lugo). Calquera das opcións debería contar con acuse de recibo.

PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS DE ARRENDAMENTO DA EXPLOTACIÓN DO "CHIRINGUITO"
DO CERCUD – PRAIA FLUVIAL DE BAAMONDE - PARA O PERÍODO ESTIVAL 2021

SÉPTIMA.- DOCUMENTACIÓN

DOCUMENTO A:

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D., con DNI, e domicilio en....., provincia de rúa..... nº, nº de teléfono, con dirección de correo electrónico, en nome propio ou en representación da empresa con NIF

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que cumpro as condicións establecidas legalmente para contratar:

- Personalidade xurídica do empresario
 - no seu caso, a súa representación.
- Non estar incurso en prohibición de contratar, e atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
-

En a de de 2021

Asdo.:

DOCUMENTO B:

D., con DNI, e domicilio en....., provincia de rúa..... nº, nº de teléfono, con dirección de correo electrónico, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, actuando en nome propio ou en representación da empresa con NIF fai constar:

a) Que **solicita** tomar parte do proceso convocado para o arrendamento DA EXPLOTACIÓN DO "CHIRINGUITO" DO CERCUD – PLAIA FLUVIAL DE BAAMONDE - PARA O PERÍODO ESTIVAL 2021

b) Propón a seguinte oferta:

- Propón un prezo a satisfacer ao CERCUD de €

**PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS DE ARRENDAMENTO DA EXPLOTACIÓN DO “CHIRINGUITO”
DO CERCUD – PRAIA FLUVIAL DE BAAMONDE - PARA O PERÍODO ESTIVAL 2021**

c) **Acepta** incondicionalmente **cantas obrigas se deriven do prego de condicións técnicas**, como arrendatario.

d).- Relación do **equipamento e amoblamento proposto**.

Igualmente deberá indicar o **prazo de execución** en que se compromete a realizar o investimento de xeito que **este en condicións de iniciarse** a explotación.

e.- Plan de limpeza detallado.

f) No caso de que a súa oferta sexa a máis ventaxosa economicamente, comprométese a aportar a documentación esixida no prazo de 15 días despois da resolución, así como o pago da metade do arrendamento e para o caso de non facelo entenderase que retira a súa oferta.

En a de de 2021

Asdo.:

OITAVA.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

1. O prezo máis alto de entre todas as solicitudes que concurran.

NOVENA.- ARRENDAMENTO

A adxudicación do contrato será realizada polo CERCUD, a proposta da súa Xunta Directiva unha vez seleccionada a oferta que máis alto propuxo o prezo do arrendamento, segundo o criterio de adxudicación establecido neste prego, requirirase ao adxudicatario que presentase esta oferta para que aporte a documentación que se relaciona a continuación, dentro do prazo de quince días hábiles a contar desde o seguinte a aquel no que recibira a notificación de requirimento:

- a) Os que acrediten a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación.
- b) Acreditación de que dispón dos medios e que se compromete a dedicar á execución do contrato.
- c) Facer efectivo o 50% do arredamento.

**PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS DE ARRENDAMENTO DA EXPLOTACIÓN DO “CHIRINGUITO”
DO CERCUD – PRAIA FLUVIAL DE BAAMONDE - PARA O PERÍODO ESTIVAL 2021**

d) Certificación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

e) A acreditación de ter constituída unha póliza de responsabilidade civil, ou o compromiso de facelo.

De non cumplimentarse axeitadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o candidato retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao candidato seguinte, pola orde na que que quedaran clasificadas as ofertas.

A Xunta Directiva do CERCUD adxudicará o contrato dentro dos quince días naturais seguintes ao remate do prazo para a presentación da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos e, simultaneamente, publicarase na web do CERCUD.

Na notificación indícarase o prazo en que debe procederse á formalización do contrato.

DÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato en documento privado, efectuarase dentro **do prazo máximo de quince días hábiles** a contar desde o seguinte da notificación.

Non obstante, o adxudicatario poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

DÉCIMO PRIMEIRA.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

Os traballos executaranse con estricte suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas.

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

Faise constar expresamente que obxecto deste contrato non poder ser subcontratado.

**PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS DE ARRENDAMENTO DA EXPLOTACIÓN DO “CHIRINGUITO”
DO CERCUD – PRAIA FLUVIAL DE BAAMONDE - PARA O PERÍODO ESTIVAL 2021**

DÉCIMO SEGUNDA.- AUTORIZACIÓN.

O arrendador encontrarase, así mesmo, obrigado ao pagamento de todos os xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licenzas que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO TERCEIRA.- PAGAMENTO.

O arrendamento a satisfacer ao CERCUD será aboado polo arrendatario en dous pagos:

- 1º. Na firma do contrato.
- 2º O 30ª día da concesión.

DECIMO CUARTA. INFRACCIÓN E SANCIÓN

O CERCUD poderá esixir responsabilidade ao contratista pola infracción dos seus deberes, con independencia do procedente respecto á extinción do contrato.

As infraccións cometidas polo contratista clasifícanse en leves, graves e moi graves.

a) Faltas leves

- As que impliquen irregularidades na observancia das obrigas e deberes contidos neste prego, sen transcendencia directa apreciable na prestación do servizo.
- As que impliquen negligencia na prestación do servizo e non supoñan unha alteración grave do seu funcionamento.
- A desobediencia leve nas ordes que emanan dos responsables da Xunta Directiva e que se diten para a eficaz e normal prestación do servizo.

b) Faltas graves

Terán a consideración de faltas graves as seguintes:

- A desobediencia reiterada ás ordes que emanen da xunta directiva responsables e que se diten para a eficaz e normal prestación do servizo.
- As accións e omisións que alteren a regularidade na prestación do servizo.
- O trato irrespectuoso aos clientes así como calquera acción do persoal que supoña un desprestixio do servizo.

**PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS DE ARRENDAMENTO DA EXPLOTACIÓN DO “CHIRINGUITO”
DO CERCUD – PRAIA FLUVIAL DE BAAMONDE - PARA O PERÍODO ESTIVAL 2021**

- Non proporcionar a información e documentación necesaria relacionada coa execución do contrato que lle poida ser requirida pola Xunta Directiva

c) Faltas moi graves

- A utilización das instalacións, elementos ou material adscritos ao contrato para fins distintos dos previstos no contrato.

- Incumprir as normas laborais ou convenio colectivo do persoal a empregar. - Ceder, arrendar ou subcontratar o servizo sen a debida autorización municipal.

- O incumprimento do plan de limpeza ofertado polo contratista así como o plan de mantemento que se xunta a estes pregos

- O incumprimento do compromiso de adscripción de medios persoais.

DÉCIMO QUINTA.- EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse tanto pola falta do pagamento do arrendamento en prazo así como polo incumprimento por parte do arrendatario das obrigas sinaladas no prego de prescricións técnicas deste contrato.

Será así mesmo causa de resolución do contrato a comisión catro infraccións leves, dúas infraccións graves ou unha infracción moi graves que se sinalan na cláusula anterior.

A Xunta Directiva do CERCUD